

25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 1

The cover features a purple header with the text 'CONCELLO DE VIGO' and the city's coat of arms. Below the header is a white banner with the text '25 ANOS DE HISTORIA DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER' and '1993 / 2018 DE VIGO'. The main body of the cover is a black and white photograph of a large crowd of people holding white signs or banners, marching through a city street. A color palette of various shades of purple and red is at the bottom.

**CONCELLO
DE VIGO**

25 ANOS DE HISTORIA DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER
1993 / 2018 DE VIGO

O Consello Municipal da Muller nace o 2 de decembro de 1993, como unha iniciativa pioneira en todo o estado e co obxecto de garantir o dereito á participación na vida municipal das ciadáns víguenses como colectivo social. Cun regulamento específico, que foi aprobado definitivamente no Pleno da Corporación Municipal o 26 de febreiro de 1993, ten como obxectivos:

- Estudar e emitir informes sobre temas que considere de interese para as mulleres.
- Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da muller se dean na cidade para darles resposta.
- Promover e priorizar iniciativas da Concellería de Igualdade e outras institucións derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos ás mulleres.
- Informar, debater e difundir os temas e dereitos das mulleres.
- Potenciar a presenza e participación das mulleres en todos os ámbitos.
- Fomentar a presenza e participación das mulleres en todos os ámbitos.
- Propoñer actuacións e acordos ás diversas concellerías, á Corporación, aos consellos municipais e a outras institucións incidan co seu quefacer, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.
- Apoiar e fomentar o asociacionismo das mulleres para acadar a meirande participación e solidariedade.

25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 1




25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 1





Moitos foron os acordos nestes anos que dende o Consello Municipal da Muller pasaron a ser discutidos e posteriormente aprobados.
Un resumo deles son:

- 1994.** Reivindicación da presenza de mulleres nas adjudicacións públicas, como en Vitrasa.
- 1995.** Difusión dun manifesto e recollida de sinaturas para denunciar a impunidade coa que actúan os agresores que exercen violencia de xénero amparada na lexitimidade da xustiza e a ambigüeude das leis.
- 1997.** Proposta ao Pleno do Concello de Vigo para que exerza a acusación particular en canta causa penal se desenvolva en Vigo relativa á privación da custodia do/a menor, con quebrantamento de resolución xudicial.
- 1998.** Proposta ao pleno do Concello de Vigo na que se manifestaba a condena ao terrorismo de xénero e se solicitaba que a totalidade dos concellos de Galicia se dotasen dun programa integral contra os malos tratos.
- 1998.** Manifesto dirixido ao Pleno do Concello de Vigo no que se pide a condena da violencia doméstica e todo tipo de violencia de xénero, e redamar a adopción inmediata de todas as medidas xurídicas, sociais e políticas precisas para protexer a vida, a dignidade e a equipotencia social das mulleres.
- 1998.** Acordo dirixido ao pleno do Concello de Vigo para que se constitúa en parte nos casos de agresións a mulleres.
- 2000.** Proposta ao Concello de Vigo para que manifeste a súa condena do terrorismo de xénero, mediante a convocatoria dunha concentración cada vez que se produza un novo asasinato, e apoie as convocadas pola rede de mediadoras veciñais e polas asociacións de mulleres en xeral.
- 2000.** Proposta dirixida ao Pleno do Concello de Vigo para designar co nome de "8 de marzo" a praza da Avenida das Camelias.
- 2002.** Proposta de creación do segundo Xulgado de Familia na cidade.
- 2003.** Comunicado de rexeitamento ás guerras "A guerra non é a solución".
- 2003.** Comunicado polo que se pide a dimisión dos responsables do afundimento do "Prestige".
- 2004.** Proposta dirixida ao Pleno do Concello de Vigo para que manifeste a súa condena á violencia de xénero mediante a convocatoria dunha concentración na praza do Rei e a gardar un minuto de silencio en cada sesión plenaria, cada vez que se produza un novo asasinato.
- 2007.** Proposta para considerar os funerais de mulleres asasinadas por mor da violencia de xénero como funerais de rango público, nos que as autoridades presidan o acto.
- 2010.** Solicita o ingreso de María Xosé Queizán na Real Academia Galega.
- 2010.** Elabora un dossier coa biografía de 27 mulleres que tiveron un papel destacado no desenvolvemento da cidade, co obxecto de reivindicar a súa visibilidade e memoria no bicentenario de Vigo.
- 2011.** Comunicado de rexeitamento do "Anteproxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia en Galicia" da Xunta de Galicia.
- 2011.** Organización dos I Encontros de Consellos Municipais da Muller.
- 2012.** Inauguración do Roteiro en Feminino "Sons de mulleres" con sinalizaciones verticais na rúa, para recoñecer o labor de mulleres da nosa cidade de diferentes ámbitos, e dentro do un espazo público co nome de 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 2013.** Apróbase instaurar un Premio pola Igualdade co nome de Ernestina Otero.
- 2013.** Manifesto de rexeitamento sobre a reforma da Lei do aborto.
- 2013.** Adhesión á plataforma pola defensa do dereito ao aborto.
- 2016.** Proposta ao Concello de Vigo para que no marco do proxecto municipal de arte mural empregue a Praza "8 de marzo" para a realización dun mural co lema "Vigo libre de violencias machistas".
- 2011-2018.** Colaboración na iniciativa municipal "EnlazaVigo contra a violencia de xénero".
- 2017.** Manifesto de rexeitamento á actuación de Jorge Cremades en Vigo polo seu carácter marcadamente machista e no que alude de xeito frívolo ás agresións contra as mulleres.
- 2016-2018.** Colaboración na organización das Xornadas Municipais "Unidas contra as Violencias Machistas".
- Creación de comisións de traballo co fin de colaborar coa Concellería de Igualdade na organización de campañas en torno ás datas conmemorativas do 8 de marzo "Día Internacional das Mulleres", e 25 de novembro, "Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres".
 - Convocatoria de manifestacións e difusión de comunicados de repulsa ante os casos de mulleres asasinadas por motivo da violencia de xénero.
 - Apoio as manifestacións contra o desmantelamento da Sanidade Pública convocadas pola Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública e a Xunta de Persoal do SERGAS.
 - Vixilancia e denuncia da publicidade sexista.
 - Propostas e suxestións aos proxectos de plans municipais de igualdade e contra a violencia de xénero que aprobaron os diferentes gobiernos municipais logo da aprobación inicial no Consello Municipal da Muller.
 - Impulso á creación de espazos propios como a Casa das Mulleres, servizo adscrito á Concellería de Igualdade, situado na r/ Romil, 20.
 - Comunicados de repulsa contra as manifestacións sexistas e discriminatorias de algúns cargos políticos, relixiosos...
 - Propostas de nomes de mulleres para incluír no ruxido municipal.



25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 2



25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 2



25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 2



25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Cubo 2



25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Tapa cubo 1



25 anos de historia do Consello
Municipal da Muller
1993 / 2018 de Vigo
Tapa cubo 2

